# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE PRÉSARAS
CURSO: 6º EP
MATERIA: TODAS
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| MATEMÁTICAS | |
| ▪ B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático. | ▪ MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. |
| | ▪ MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos. |
| ▪ B1.4. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas. | ▪ MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. |
| ▪ B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas. | ▪ MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros. |
| ▪ B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. | ▪ MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. |
| ▪ B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. | ▪ MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións). |
| ▪ B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | ▪ MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. |
| ▪ B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas. | ▪ MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume. |
| | ▪ MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados. |
| | ▪ MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido. |
| ▪ B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de | ▪ MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo. |

| | |
|---|---|
| figuras planas. | |
| | ▪ MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria. |
| ▪ B4.4. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas. | ▪ MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular. |
| | ▪ MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo. |
| ▪ B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato. | ▪ MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas. |
| | ▪ MTB5.2.2. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango. |
| | ▪ MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.<br>▪ MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| GALEGO E CASTELLANO | |
| ▪ B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | ▪ LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. |
| | ▪ LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas. |
| | ▪ LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. |
| ▪ B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións. | ▪ LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. |
| ▪ B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura. | ▪ LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. |
| ▪ B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan | ▪ LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da |

| | |
|---|---|
| narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación | vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas... |
| | ▪ LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos. |
| | ▪ LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. |
| | ▪ LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado. |
| ▪ B3.4. Elaborar textos breves con creatividade. | ▪ LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas... |
| | ▪ LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica. |
| ▪ B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións. | ▪ LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario. |
| | ▪ LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma. |
| | ▪ LGB3.5.3. Utiliza correctores de textos. |
| | ▪ LGB3.5.4. Utiliza as TIC para realizar presentacións. |
| ▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | ▪ LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte. |
| ▪ B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | ▪ LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. |
| ▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. | ▪ LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación. |
| ▪ B5.1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. | ▪ LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral. |
| ▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados. | ▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas. |
| | |
| | |

| CIENCIAS NATURAIS | |
|---|---|
| ▪ B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións. |
| | ▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. |
| | ▪ CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc). |
| | ▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. |
| ▪ B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc. | ▪ CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. |
| ▪ B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións. | ▪ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles. |
| ▪ B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. | ▪ CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado. |
| ▪ B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible. | ▪ CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química. |
| ▪ B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos. | ▪ CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan. |
| ▪ B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos. | ▪ CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. |
| | ▪ CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. |
| | |
| CIENCIAS SOCIAIS | |
| ▪ B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais. | ▪ CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. |
| | ▪ CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. |

| | |
|---|---|
| ▪ B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. | ▪ CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados. |
| | ▪ CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos. |
| ▪ B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras. | ▪ CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean. |
| | ▪ CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |
| ▪ B2.1.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais. | ▪ CSB2.1.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. |
| ▪ B2.2.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan. | ▪ CSB2.2.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan |
| ▪ B2.4.Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. | ▪ CSB2.4.1.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima. |
| | ▪ CSB2.4.2.Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa. |
| ▪ B3.2.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación. | ▪ CSB3.2.1.Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente. |
| | ▪ CSB3 2.2 Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación. |
| ▪ B3.3.Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. | ▪ CSB3.3.1.Describe as principais características da poboación española e europea. |
| | ▪ CSB3.3.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. |
| | ▪ CSB3.3.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea. |
| | ▪ CSB3.3.4.Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea. |
| ▪ B3.4.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación. | ▪ CSB3.4.1.Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país. |

| | |
|---|---|
| | ▪ CSB3.4.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc. |
| ▪ B3.5.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa. | ▪ CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen. |
| | ▪ CSB3.5.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes |
| ▪ B3.9.Explica as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os diferentes tipos de empresas. | ▪ CSB3.9.1.Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven. |
| ▪ B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia. | ▪ CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas. |
| XADREZ | |
| • B2.6. Aplicar as distintas aperturas. | • XAB2.6.1. Coñece como se domina o centro na apertura. |
| | • XAB2.6.2. Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves. |
| | • XAB2.6.3. Anticipa as posibles xogadas do/da contrincante. |
| • B2.1. Coñecer e utilizar o xaque, o xaque mate e os mates máis famosos en xogadas con diferentes pezas e coas distintas combinacións. | • XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida. |
| | • XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso. |
| | • XAB2.1.3. Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos. |
| | • XAB2.1.4. Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario. |
| | • XAB2.1.5. Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas. |
| • B2.3. Anotar correctamente os movementos dunha partida. | • XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida. |
| • B2. 5. Realizar intercambios eficaces ao longo dunha partida. | • XAB2.5.1. Aplica intercambios eficaces ao longo da partida. |
| • B3.2. Utilizar as TIC para mellorar a práctica no xadrez. | • XAB3.2.1. Coñece e manexa programas de xadrez. |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>• Avaliación continua sobre as producións e participación dos alumnos e alumnas.<br>• Probas específicas.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>• Probas deseñadas para este tempo a realizar en AV.<br>• Probas deseñadas neste tempo a realizar no caderno ou ordenador e devolver por medios telemáticos.<br>• Preguntas orais online.<br>• Actividades propostas na AV.<br>• Actividades realizadas no caderno, devoltas por medios telemáticos.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Con carácter xeral, sumarase:<br>• O 50% da cualificación obtida na 1ª avaliación<br>• O 50% da cualificación obtida na 2ª avaliación<br>A esta cualificación se lle engadirá un 10 % da cualificación obtida durante o tempo do estado de alarma sempre e cando esta fose superior á media anterior.<br><br>Alumnado con ACI.<br>• A avaliación realizarase tendo en conta os apartados da mesma.</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | En función do curso e da capacidade de autonomía do alumnado:<br>• Teleclase diaria ou con outra temporalización onde se explicarán as actividades, os contidos se comentarán os avances e se resolverán dúbidas do alumnado<br>• Actividades diarias a realizar polo alumnado subidas á AV<br>• Actividades de máis longo prazo propostas na AV<br>• Actividades propostas desde o Salón, tamén pola AV.<br><br>As actividades poderán ser específicas de cada materia ou globalizadas.<br>Todas elas permitirán reforzar ou ampliar contidos.<br><br>O alumnado con ACI realizará actividades específicas de reforzo co apoio persoal posible |
| **Metodoloxía (neste caso todos con conectividade):** | Usarase co alumnado os medios telemáticos legalmente dispoñibles:<br>Aula Virtual Moodle do centro<br>Plataforma Agueiro<br>Plataforma de videoconferencia Cisco-Webex.<br><br>Usarase coas familias, sobre todo para atender ao alumnado máis pequeno do centro, os servizos de Whatsapp, Skipe ou calquera outro que se considere axeitado.<br><br>PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA NA APRENDIZAXE:<br>• Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación das tarefas.<br>• Gradación das actividades.<br>• Énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe.<br>• Uso da autoavaliación |
| **Materiais e recursos** | • Aula Virtual do centro.<br>• Libros de texto.<br>• Libros do Salón do centro.<br>• Vídeos, audios e outro material complementario facilitado a través da Aula Virtual ou distribuído a través de fotocopias polo persoal presente no centro.<br>• Actividades online enlazadas na Aula Virtual.<br>• Videoconferencias a través de Cisco Webex ou Whatsapp. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Teleclase diaria.<br>Mensaxería, comunicacións e resultados das tarefas a través da AV coa que o alumnado xa está familiarizado.<br><br>Comunicación ás familias a través do grupo de Whatsapp, que poderá ser conxunta ou individual. |
| **Publicidade** | Publicarase na páxina web do centro. |